

DESCRINCIÓN DO CURSO

Nos últimos anos a saúde reprodutiva da muller solicitou unha atención especial da medicina e da poboación en xeral. Pero, á súa vez, a atención sanitaria neste campo tropeza con dous obstáculos pesados que é necesario remover. Por un lado, a falta de información das propias mulleres respecto á súa específica fisioloxía e dos recursos para orientarse nos temas reprodutivos; e, doutro lado as condicións estruturais en que se realiza a práctica médica, que condiciona aos profesionais sanitarios para atender ás pacientes en estreitos límites de tempo e de recursos. Este condicionante limita a actividade dos profesionais estritamente á súa dimensión clínica, xerando insatisfacción persoal e incompleta atención para as pacientes.

Dende estas premisas, abordaranse no curso temas complexos como o control da reprodución e as variantes que na actualidade son posibles, as medidas a seguir coas mulleres novas que foron afectadas de cancro, menopausa e saúde e outros. Ademais, incorpóranse outros temas relacionados cos dereitos de xénero e das condicións para o exercicio da obxección de conciencia polos profesionais sanitarios.

VENRES 26

09'45 horas: **Inauguración**

10'00 horas: **Os dereitos reprodutivos, ¿unha conquista das mulleres?**

Pilar Allegue Agüete

Profesora Titular do Departamento de Dereito Privado, Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo. Universidade de Vigo

12'00 horas: **Os problemas de fertilidade nas mulleres novas tratadas por cancro de mama**

Benigno Acea

Ciruxano do Complexo Hospitalario Universitario de A Coruña (CHUAC)

16'30 horas: **Problemas derivados da aplicación das técnicas de reprodución humana asistida**

Carlos Lema

Profesor Titular da Universidade Carlos III de Madrid

18'30 horas: **Socioloxía do aborto en España**

José Luis Doval

Médico e Xefe do Servizo de Xinecoloxía do Centro Hospitalario de Ourense (CHOU)

SÁBADO 27

10'00 horas: **A obxección de conciencia no ámbito sanitario**

Ascensión Cambrón

Profesora Titular da Facultade de Dereito. Universidade de A Coruña

12'00 horas: **Menopausa e saúde**

M^a Jesús Cruces Artero

Médico de Familia e membro do Grupo Coordinador da Consellería de Sanidade do Plan de Atención Integral á Saúde da Muller

13'30 horas: **Clausura do curso**

OBJETIVOS:

Neste curso preténdese proporcionar informacións relativas ao tema na perspectiva de facer máis cualificada a atención médica a mulleres, fomentando a responsabilidade entre este colectivo profesional. **Tamén** preténdese unha descrición de pautas de actuación que contribúan á toma de decisións coa suficiente información. Por último, promover un marco de discusión crítica sobre prácticas sanitarias controvertidas por incidir nelas os diversos valores relativos á vida e á saúde, que sosteñen os profesionais sanitarios e as usuarias de sanidade

DESTINATARIOS:

Profesionais de atención aos problemas reprodutivos femininos, estudantes de distintas disciplinas, relacionadas coa saúde e coas ciencias sociais, xurídicas e a mulleres en xeral.

INFORMACIÓN, MATRÍCULAS E BECAS:

Secretaría de Alumnos da UIMP
C/San Francisco, S/N (Fundación Luis Seoane, 2ª Planta) - 15001 A CORUÑA
Teléfono 981 140 830 – Fax 981 140 825
Correo electrónico: galiciasaa@uimp.es
www.uimp.es

Matrícula gratuíta logo de inscrición (con dereito a diploma)

Valor académico: 10 horas
Recoñecemento en Créditos de Libre Elección

Colabora:



ENCONTRO:

A SAÚDE REPRODUCTIVA DAS MULLERES

Vigo (Casa das mulleres - Rúa Romil, 20)

26 e 27 de Xuño de 2009

Directora: Ascensión Cambrón
*Profesora Titular da Facultade de Dereito.
Universidade de A Coruña*

Patrocina:

